



CASA DAS MULLERES DE VIGO

2019 1ª Convocatoria de actividades – Xaneiro

CURSO DE INTRODUCCIÓN Á IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE HOMES E MULLERES

- Destinado a: mulleres e homes maiores de 18.
- Formadora: Cristina Rodríguez Ramos.
- Obxectivos: Facilitar a deconstrución dos roles de xénero. Dar a coñecer as orixes das desigualdades que hoxe en día persisten entre mulleres e homes, así como as súas manifestacións e formas de abordalas. Proporcionar ferramentas para incorporar estratexias de igualdade no labor vital e profesional cotiá.
- Contidos: Introducción ao sistema sexo-xénero. A linguaxe como elemento transversal na socialización diferencial. Principais consecuencias da socialización de xénero. As violencias machistas. Os micromachismos. A acción positiva e o *mainstreaming* de xénero como estratexias para o cambio.
- Temporalización: 10 sesións. 25 horas. Xoves, do 7 de febreiro ata o 25 de abril. Non lectivo: 28 marzo e 18 abril. De 18.00 a 20.30.

OBRADOIRO DE ESCRITURA: ESCRIBIR A NOSA HISTORIA (INICIACIÓN)

- Destinado a: mulleres maiores de 18 anos.
- Formadora: Graciela Baquero Ruibal.
- Obxectivos: Propiciar a visibilidade do colectivo de mulleres. Favorecer o empoderamento da nosa expresión e o recoñecemento das mulleres como protagonistas. Fortalecer a súa identidade.
- Contidos: A actitude creativa. Técnicas de desbloqueo: xogos para desaprender. Quen escribe? Tipo de narradoras e narradores. O ritmo na escritura: a respiración dun texto. Os poboadores e poboadoras do pasado: creación de personaxes. A paisaxe dos nosos recordos: técnicas descritivas. A escrita dos sentidos: formas de aprehender o mundo. Ten que parecer verdade: técnicas de verosimilitude. O ton e a atmosfera.
- Temporalización: 8 sesións. 20 horas. Mércores, do 6 de febreiro ao 27 de marzo. De 18:00 a 20:30h.

OBRADOIRO PINTURA E XÉNERO.

- Destinado a: mulleres maiores de 18 anos.
- Formadora: María Soliño González.
- Obxectivos: Coñecer a artistas que quedaron agochadas ao longo na historia da arte. Aprender conceptos básicos da pintura e o debuxo. Enfrontarnos a creación de debuxos e pinturas con ferramentas prácticas e teóricas.
- Contidos: Mulleres na historia do arte: Laura Knight, Mary Cassatt e Suzanne Valadon. Composición, equilibrio, contraste. Elaboración dun traballo práctico.
- Temporalización: 10 sesións. 25 horas. Martes, do 5 de febreiro ao 23 abril. Non lectivo: 19 marzo e 16 abril. De 18:00 a 20:30h.

Máis info:

Casa das Mulleres

Rúa Romil, 20

986 442 194

casadasmulleres@vigo.org

Concellería de Igualdade

Praza do Rei 1, 1º andar

986 810 284

ofi.muller@vigo.org



www.igualdadevigo.org